




¡¡BLOQUES MARCIANOS!!



**MANUAL DE USO MARCIANO PARA
TERRÍCOLAS**

Materia ou materias e cursos a que se dirixe

- As secuencias didácticas que forman parte deste proxecto teñen un carácter interdisciplinar aínda que na programación as poidamos orientar ao currículo do **1º curso de Secundaria** na materia de **Matemáticas**. Atendendo á diversidade, poden empregarse tamén en 2º e no 2º ciclo da ESO co alumnado que precise repasar ou reforzar este contidos.
- As secuencias seguirán as directrices do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe), o que implica a **accesibilidade universal á educación**.
- A **lingua** das unidades didácticas será o castelán segundo dispón o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Ferramentas


Crea unha **carpeta** no teu PC antes de comezar a traballar co libro, onde irás gardando as túas capturas de pantalla e os exercicios que non fagas en papel.

- Para ver enteiras as actividades, fíxate se hai unha **barra lateral** para ver máis abaixo (scroll).
- Para realizar unha **captura de pantalla** é necesario seguir as seguintes indicacións:
 - 1.- Premes a tecla "Impr Pant".
 - 2.- Na carpeta que xa creaches, gravas a captura co teu nome.

Se o profesorado o solicita, cómpre enviar capturas de pantalla como anexo nun correo ou como entrega na aula virtual.

Como funciona Matemáticas Marcianas

O caderno de traballo Matemáticas Marcianas é un libro no que atoparás unha estrutura que de seguro che resultará coñecida.



A.- Título do libro: ¡¡BLOQUES MARCIANOS!!, en maiúsculas sobre verde, aparecerá en todas as páxinas do libro. Aliñado á esquerda.

B.- Capítulo: Tamén aparece en todas as páxinas. Aliñado á esquerda arriba (sobre o título) e aliñado á esquerda abaixo.

O libro consta de 8 capítulos interactivos:

1. *"Herramientas marcianas para terrícolas"*
2. *"TerrInvestigación"*
3. *"Teoría desde Marte"*

4. *"Teoría invisible desde Marte"*
5. *"Retos desde el planeta rojo"*
6. *"Un momentito de relax"*
7. *"¡¡Hasta el infinito y más allá!!!"*
8. *"Olimpiadas desde Marte para alienígenas de la Tierra"*

Consta tamén doutros cinco capítulos:

- *"Manual de uso marciano para terrícolas"*
- *"Guía didáctica para docentes terrícolas"*
- *"Autoría dos recursos multimedia"*
- *"Créditos e autoría"*
- *"Resumen y envío"*

C.- Ocultar/Desocultar a botoneira: Oculta ou desprega os botóns do menú da esquerda, é o menú cos atallos.



D.- Acceder a unha das páxinas do menú. Premendo no título dun capítulo concreto do libro, temos un atallo para acceder a ese capítulo. O capítulo ao que se accede muda á cor verde.

E.- Esta icona permite poñer en modo pantalla completa. Deste xeito, veremos o libro ocupando toda a pantalla.



Lembra que con Ctrl+ e Ctrl- pódese tamén agrandar ou empequeñecer a pantalla.

F.- Esta icona permite quitar o modo pantalla completa. Tamén é posible quitala premendo sobre o teclado “Esc”.



G.- Tanto arriba como abaixo á dereita indícase:

- o número do capítulo actual (3) respecto o número total de capítulos (12).
- botóns (de esquerda a dereita) que nos permiten avanzar nos capítulos (capítulo anterior/seguinte do libro).

3 / 12



H.- No centro de toda esta información está a zona de traballo. Nela pódeste atopar con:

- unha presentación: na que nos aparece abaixo centrada o número da diapositiva actual e o número total de diapositivas na presentación (diapositiva 20 dun total de 45). Amais, dispón dunha barra de progreso que nos informa, de xeito visual, da posición na que estamos na presentación.



- un acordeón: no que temos cada ítem pregado. Para despregalos unicamente hai que premer no ítem.

1.- Herramientas marcianas para terrícolas


1 / 13





¡BLOQUES MARCIANO...

- 1.- Herramientas ma...
- 2.- TERRInvestigación
- 3.- Teoría desde Marte
- 4.- Teoría invisible d...
- 5.- Retos desde el pl...
- 6.- Un momentito de ...
- 7.- ¡¡¡Hasta el infinito...
- 8.- Olimpiadas desde...
- Manual marciano de ...
- Gula didáctica para ...
- Autoría dos recurso...
- Créditos e autoría

Resumen y envío

- > No leo bien los textos.....
- > No veo bien un video.....
- > Quiero comprobar mis respuestas.....
- > No sé cómo hacer una captura de pantalla....
- > No entiendo este icono...
- > No me guarda la puntuación en la actividad...



- unha información complementaria: aparece ao premer nesta icona 
- un audio coa mesma información que está escrita na diapositiva, para alumnado con dificultades de visión. 
- unha explicación en audio máis completa 
- esta icona permite gravar un audio 
- actividades interactivas: a marciana propón xogos interactivos mediante bólas que hai que premer. Estas actividades poden ser de cartas para voltear, verdadeiro/falso, arrastra e solta, enche os espazos en branco, respostas únicas ou múltiples...



- botón de comprobación sen corrección: ao premer mostra a solución



- botón de comprobación con corrección: ao premer nel mostra tanto o ítem no que se acertou e no que non. É e a puntuación nesa actividade.




- botóns de verificación: unha vez premido o anterior botón, aparecen dúas opcións: unha para ver as solucións e a outra para tentalo de novo. Tamén amosa o éxito nesa actividade (acertáronse 2 sobre 10).



Accesibilidade

No libro de traballo de cada secuencia didáctica empregáronse todas as posibilidades de accesibilidade e pautas **DUA** que o recurso de autor *Lumi* nos permite, como son:

- Textos en **letra grande e grosa** para persoas con dificultades visuais.
- Os textos explicativos e enunciados dos exercicios poden ouvirse tamén en **audio**, como verás nas diapositivas. 
- Os pasos máis complexos contan ademais cunhas explicacións en **audio** que favorecen a aprendizaxe e o repaso autónomo do alumnado.
- O capítulo 1 do libro conta coa explicación das **ferramentas** posibles para facilitar o emprego deste caderno de traballo (pantalla completa, agrandar pantalla, barra lateral...)

“Resumen y envío”

O último capítulo do libro, o de “Resumen y envío”, é un resumo da túa actividade. É dicir, o teu progreso como alumne no libro en canto ás actividades interactivas realizadas e o teu avance no libro.

The screenshot displays the 'Resumen' (Summary) page of a learning management system. The page is titled 'Resumen' and shows the user's progress through the course. The sidebar on the left lists the chapters, with the current chapter, 'Resumen y envío', highlighted. The main area shows the following summary statistics:

- Puntuación total:** 0 / 32 (0 de 3 interacciones)
- Progreso del libro:** 9% (1 de 11 páginas)
- Progreso de interacciones:** 0% (0 de 3 interacciones)

A 'Reiniciar' button is visible below the summary statistics. The main content area is titled 'Resumen' and shows a list of chapters with their completion status and scores:

Chapter Title	Completion Status	Score
1.- Herramientas marcianas para terrícolas	Completed	Sin interacciones
2.- Hasta el infinito y más allá!!!	Completed	Sin interacciones
3.- Teoría desde Marte	Completed	Sin interacciones
4.- Un momentito de relax	In Progress	0 de 1 interacciones completadas
5.- Retos desde el planeta rojo	In Progress	0 de 1 interacciones completadas
6.- NASA terrícola: desde lo más pequeño a lo más grande	Completed	Sin interacciones
7.- Olimpiadas desde Marte para alienígenas de la Tierra	In Progress	0 de 1 interacciones completadas
Manual de uso marciano para terrícolas	Completed	Sin interacciones
Guía didáctica para terrícolas	Completed	Sin interacciones
Autoría dos recursos multimedia	Completed	Sin interacciones
Créditos e autoría	Completed	Sin interacciones

At the bottom of the page, there is a progress bar showing 0 / 32 and a 'Resumen' button.

Na imaxe, podes decatarte de que a información deste capítulo resulta moi útil:

- *"Puntuación total"*
- *"Progreso del libro"*
- *"Progreso de interacciones"*
- *"Todas las interacciones o Interacciones no respondidas"*
- *"Puntuación por capítulos"*

Como podes observar, as actividades que non son interactivas non se puntúan, mais si se marca o estado de avance no libro.

Este último capítulo do libro serve para avaliar e autoavaliar. Dispón dun resume final co resultado de todo o teu traballo que, facendo unha captura de pantalla, se pode enviar á profesora.

Avaliación

Realizarase o proceso avaliativo en tres planos: **autoavaliación**, **coavaliación** e a **avaliación do profesorado**.

Sendo a avaliación do profesorado o xénero máis clásico, a coavaliación e a autoavaliación son importantes neste enfoque didáctico, sendo un natural resultado da aprendizaxe colaborativa.

1. Autoavaliación:

- En canto á autoavaliación, dispoñemos do, xa anteriormente explicado, botón de **"Mostrar solución"** que permite volver sobre cada erro. Preméndoo, levará a ver de novo as respostas cos erros marcados en vermello e os acertos en verde; e o botón de **"Intentar de nuevo"**, moi interesante para corrixirse no momento e máis para anotar no teu caderno. Ademais disto, no resumo final do capítulo **"Resumen y envío"** hai avaliacións de contidos parciais ao final de cada apartado.
- Para que isto non se quede en algo anecdótico e illado, cada estudante levaredes un pequeno diario: **Caderno de Trabajo Terrícola**, moi esquemático e fácil de cubrir. Facendo o mesmo exercicio en distintas datas, poderás comprobar a evolución e trazar unha gráfica cando se finalice un tema.

- E por último, esta rúbrica permitirache valorar os teus resultados.

AUTOEVALUACIÓN
VALORO MIS RESULTADOS Y APRENDIZAJE

¡HASTA LAS ESTRELLAS!

CÓMO ME SIENTO CON RESPECTO A MIS RESULTADOS

<p>PROS</p> <p>¿Cuál ha sido mi punto fuerte? ¿Dónde he destacado o sido hábil?</p>	
<p>CONTRAS</p> <p>¿Cuál ha sido mi punto débil? ¿Dónde he fallado más o me ha costado más?</p>	
<p>PARA MEJORAR</p> <p>¿Qué puedo hacer en concreto para mejorar lo aprendido con los bloques marcianos?</p>	

2. Coavaliación:

- O exercicio de coavaliación favorece a convivencia, a crítica construtiva e a aprendizaxe entre iguais. Nada máis lóxico nos traballos de grupo que proporcionar unha rúbrica que facilite a avaliación horizontal entre iguais.
- Para iso contas con sinxelas rúbricas nas que valorar as producións de compañeiros de 1 a 3, aspectos traballados nese apartado concreto e que logo explicaredes ás persoas avaliadas ante a clase.



RÚBRICA COEVALUACIÓN

	3 	2 	1 
ESTÁN TODOS LOS EJERCICIOS HECHOS	LOS HA HECHO TODOS	LOS HA HECHO CASI TODOS	FALTAN EJERCICIOS O ESTÁN INCOMPLETOS
HA CORREGIDO LOS EJERCICIOS	LOS ERRORES ESTÁN MARCADOS Y CORREGIDOS	ALGUNOS ERRORES ESTÁN MARCADOS Y CORREGIDOS	NO HA CORREGIDO NI ANOTADO LOS ERRORES
LOS BLOQUES INDIVIDUALES ESTÁN BIEN RESUELTOS	LOS BLOQUES INDIVIDUALES ESTÁN BIEN RESUELTOS	ALGUNOS BLOQUES CONTIENEN ERRORES	NO HA SEGUIDO LAS INSTRUCCIONES DE LAS LEYES MARCIANAS
LOS EJERCICIOS ESTÁN BIEN RESUELTOS	LOS EJERCICIOS ESTÁN BIEN RESUELTOS	LOS EJERCICIOS ESTÁN CASI TODOS BIEN RESUELTOS	HAY MUCHOS ERRORES O ERRORES GRAVES

Silvia Ríos Bergantiños

Cangas, 21 de decembro de 2023.